

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A **Orde 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación na educación primaria, derroga os artigos 2, 3 e 6 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado. Xa que esta orde entrou en vigor o día 12 de febreiro de 2022, **cómpre introducir certas modificacións nas programacións entregadas a principio de curso.**

1. A promoción do alumnado decidírase nos cursos 2º, 4º e 6º de Primaria. Por tanto, a promoción en 1º, 3º e 5º de Primaria será automática.
2. A permanencia no mesmo curso entenderase sempre como unha medida de carácter excepcional que só se poderá adoptar unha vez durante toda a etapa de Primaria, oídas as familias ou tutores legais.
3. Cando as circunstancias persoais o aconsellen, o alumnado con necesidades educativas especiais poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias deben estar debidamente acreditadas polos servizos de orientación.
4. A decisión sobre a promoción do alumnado será tomada de xeito colexiado polo equipo docente do grupo na sesión de avaliación final, e terá en conta os criterios de promoción, así como a información e o criterio do profesorado tutor.
5. A permanencia no mesmo curso tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, sempre que o equipo docente considere que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento.
6. No caso de permanencia no mesmo curso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo.

7. **De xeito orientativo** (xa que as permanencias serán excepcionais e estudadas de xeito personalizado), **os criterios de promoción serán os seguintes** para os cursos 2º, 4º e 6º de Primaria:

<b>Situación ó final de ciclo</b>	<b>Proceso a seguir</b>
<b>Valoración positiva</b> en todas as áreas	<b>Promociona</b> ó seguinte ciclo / etapa
<b>Valoración non positiva</b> nunha área	<b>Promociona</b> ó curso /etapa seguinte cos apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas
<b>Valoración non positiva en dúas</b> das seguintes áreas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Castelá</li> <li>• Lingua Galega</li> <li>• Matemáticas</li> </ul>	<b>Non promociona</b> ó ciclo /etapa seguinte cos apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas, <b>sempre que se dean as circunstancias expresadas nos puntos 4 e 5.</b>
<b>Valoración non positiva en tres ou máis</b> áreas	<b>Non promociona</b> ó ciclo / etapa seguinte cos apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas, <b>sempre que se dean as circunstancias expresadas nos puntos 4 e 5.</b>